

la voz de la escuela

www.prensaescuela.es



VILLAR LÓPEZ / EFE

La ONU propone una celebración para reflexionar sobre la necesidad de pensar, lo que va muy unido a la capacidad de tolerar. Una pareja contempla bajo la nieve la escultura «El pensador» de Rodin

Filosofar para ser tolerantes

El 16 de noviembre, declarado Día Internacional de la Tolerancia y de la Filosofía por las Naciones Unidas, invita a reflexionar sobre las condiciones para que se dé un desarrollo libre del pensamiento

La Organización de las Naciones Unidas ha establecido este año 2017 celebrar ambos eventos especiales en una sola fecha. Anteriormente, el día 16 correspondía a la tolerancia y el tercer jueves del mes de noviembre a la filosofía. Pero bien se juntan y complementan, también para el ámbito de estudio escolar: ¿no es cierto que debemos filosofar para alcanzar fuertes razones en favor de ser tolerantes? O, si se quiere, ¿es posible una limpia filosofía sin tolerancia para que cada uno piense y discurra a su modo y sentido? Bienvenidos, pues, a esta primera página que da voz y voto al desarrollo libre del pensamiento en la escuela sobre un tema tan importante.

Día de la Tolerancia. «Con el compromiso de fomentar el bienestar, la libertad y el progreso de los seres humanos en todas partes, así como de alentar la tolerancia, el respeto, el diálogo y la cooperación entre diferentes culturas, civilizaciones y pueblos, los jefes de Estado y de Gobierno, por medio de la resolución conjunta A/RES/60/1 en la Asamblea General de las Naciones Unidas, declaran el 16 de noviembre el Día de la Tolerancia».

Día de la Filosofía. «Con el objetivo de destacar la importancia de esta disciplina, especialmente de cara a la gente joven, y también para subrayar que la filosofía es una disciplina que estimula el pensamiento crítico e independiente y es capaz de trabajar en aras de un mejor entendimiento del mundo, promoviendo la paz y la tolerancia, la Unesco ha proclamado el tercer jueves de noviembre Día Mundial de la Filosofía».

A FAVOR DE LA TOLERANCIA

La tolerancia es una idea en ocasiones amenazada y a menudo minoritaria.

■ **¿Rechazo?** Observo cómo en demasiados países proliferan las lógicas del repliegue y el rechazo.

■ **¿Discriminación?** Observo cómo se instrumentalizan las crisis migratorias, la situación trágica de los refugiados o los conflictos armados, que son explotados para atizar el odio hacia el otro, estigmatizar a las minorías y legitimar las discriminaciones.

■ **¿Racismo?** Observo el aumento de los discursos racistas y de los estereotipos sobre las religiones o las culturas, con los que se pretende explicar que los pueblos diferentes no pueden convivir y que el mundo iría mejor si volviéramos a los

tiempos antiguos en los que las culturas puras vivían dentro de sí mismas, protegidas de las influencias exteriores, en un pasado mitificado que nunca ha existido. (Mensaje de Irina Bokova, directora general de la Unesco).

CLAVES DE LA FILOSOFÍA

■ **Sabiduría.** La filosofía es el estudio de la naturaleza de la realidad y de la existencia, de lo que es posible conocer y de los comportamientos correctos e incorrectos. Es uno de los campos más importantes del pensamiento humano, ya que aspira a llegar al sentido mismo de la vida.

■ **Asombro.** Muchos pensadores afirman que el asombro es la raíz de la filosofía. De hecho, la filosofía proviene de la tendencia natural de los seres humanos a sentirse asombrados por sí mismos y por el mundo que los rodea.

■ **Reflexión.** La filosofía nos enseña a reflexionar sobre la reflexión misma, a cuestionar continuamente verdades ya establecidas, a verificar hipótesis y a encontrar conclusiones. Durante siglos, en todas las culturas, la filosofía ha dado a luz conceptos, ideas y análisis que han sentado las bases del pensamiento crítico, independiente y creativo.



actividades

A1. Contra esta lógica del repliegue, debemos volver a dar fuerza y sustancia a la cultura de la tolerancia. Debemos reiterar hasta qué punto las culturas se enriquecen con sus intercambios mutuos. Debemos recordar los hechos históricos, recordar cómo se mezclaron los pueblos y las identidades, dando lugar a unas culturas más ricas, más complejas, a las identidades múltiples.

A2. Podemos demostrar, apoyándonos en el testimonio vivo de las piedras del patrimonio mundial, que ninguna cultura ha crecido jamás en el aislamiento y que la diversidad es una fuerza, y no una debilidad.

A3. Debemos reiterar que la tolerancia no es la aceptación ingenua o pasiva de la diferencia: es una lucha por el respeto de los derechos fundamentales. Es un compromiso diario para buscar, en nuestra diversidad, los vínculos que unen a la humanidad.

■ Para saber más: goo.gl/jo3ryf

> 4-5

Hemingway, correspondiente de guerra e escritor




> 6

Por que a gran pirámide de Keops ten un gran baleiro



> 7

Entrevista con el director de la excavación de Cova Eirós



Visita la web de
PRENSA-ESCUELA
www.prensaescuela.es

Tolerancia e filosofía

i Para estudar en clase, polo menos durante esta semana, esta dobre noticia tolerancia-filosofía, propomos unha serie de actividades e recursos que non quedan soamente no recoñecemento e comprensión dos datos que o xornal pode achegarnos sobre os temas,

senón que tamén empurran a chegar á análise máis filosófica de por que se dan situacións de intolerancia e como lograr unha aplicación concreta nas nosas actitudes ante os demais.

> **Jesús Garrido** / chuchogarrido@icloud.com



YOÁN A. SOLER

A tolerancia foméntana o coñecemento, a actitude de apertura, a comunicación e a liberdade de pensamento. Na imaxe, a biblioteca da Facultade de Historia da Universidade de Santiago

TOLERANCIA: PALABRAS CRAVE

Os Estados membros da Unesco, congregados en París co gallo da 28.ª reunión da Conferencia Xeral (25 de outubro / 16 de novembro de 1995) sinalaron os principais campos de intolerancia, aos que se engadiron novos datos en estudos posteriores. Todos eles constitúen ameazas para a consolidación da paz e a democracia nos planos nacional e internacional e obstáculos para o desenvolvemento e fomento do respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais de todos, sen distincións por raza, sexo, lingua, orixe nacional, relixión nin discapacidade. Absolutismo / Apartheid / Autoritarismo / Discriminación / Dogmatismo / Etnias / Exclusión / Fanatismo / Feminismo / Fundamentalismo / Homofobia / Igualdade / Indiferenza / Integrista / Intolerancia / Xustiza / Lingua / Machismo / Marxinación / Minorías / Misoxinia / Nacionalismo / Prexuízo / Racismo / Segregacionismo / Terrorismo / Tolerancia / Violencia / Xenofobia

ACTIVIDADES

- Dividimos a clase por pares, distribuímos estes termos, buscando a definición breve de cada un e describindo o significado nunha ficha, á que adornamos con algún símbolo gráfico significativo.
- Montamos unha exposición na aula e cada grupo explica aos demais a súa palabra crave.
- Sentámonos no noso posto de traballo... e agora vén o máis difícil: Unha vez que explicamos o significado dese termo, seríamos capaces de atopar algunha noticia onde dalgún modo se dá o que se explica nesa ficha?
- Podemos comprobalo, por exemplo, na web do xornal... ou recordar algunha situación que oímos ou vimos na radio ou na televisión. Explicámolo aos demais. E pechamos esta investigación con éxito!

FILOSOFÍA: DISCURSO SOBRE A TOLERANCIA

Preparamos en cada grupo que significan algúns destes principios nos que se basea a tolerancia e llo explicamos aos demais? Sería un éxito!

- A tolerancia consiste no respecto, a aceptación e o aprecio da rica diversidade das culturas do noso mundo, das nosas formas de expresión e medios de ser humanos [...?]. Explicao! Escoitámosche.
- Foméntana o coñecemento, a actitude de apertura, a comunicación e a liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión [...?].
- A tolerancia consiste na harmonía na diferenza [...?].
- Non só é un deber moral, é ademais unha esixencia

RECURSOS

i A propósito da declaración da Unesco, o Programa Prensa-Escuela na súa web www.prensaescuela.es dispón de catro e-studos de noticias para a análise e desenvolvemento do tema da tolerancia, con ampla descrición de actividades e recursos que poden ser útiles ora o desenvolvemento do tema nestas datas (goo.gl/QEHgp).

- Valor cidadán 2. Tolerancia / Unidade 1: Principios e proxectos sobre a tolerancia
- Valor cidadán 2. Tolerancia / Unidade 2: Ideas para educar na tolerancia
- Valor cidadán 2. Tolerancia / Unidade 3: Somos tolerantes ou intolerantes?
- Valor cidadán 2. Tolerancia / Unidade 4: Palabras e imaxes de intolerancia

política e xurídica [...?].

- A tolerancia, a virtude que fai posible a paz, contribúe a substituír a cultura de guerra pola cultura de paz [...?].
- Tolerancia non é concesión, condescendencia ou indulxencia [...?].
- A tolerancia é unha actitude activa de recoñecemento dos dereitos humanos universais e as liberdades fundamentais dos demais [...?].
- Significa que toda persoa é libre de adherirse ás súas propias conviccións e acepta que os demais se adhiran ás súas [...?].
- Significa aceptar o feito de que os seres humanos, naturalmente caracterizados pola diversidade do seu aspecto, a súa situación, a súa forma de expresarse, o seu comportamento e os seus valores, teñen dereito a vivir en paz e a ser como son [...?].
- Significa que un non ha de impor as súas opinións aos demais [...?].

ACTIVIDADES

Principios sobre a tolerancia (16 de novembro de 1995): goo.gl/T6pz8N

1. A educación é o medio máis eficaz de previr a intolerancia. A primeira etapa da educación para a tolerancia consiste en ensinar ás persoas os dereitos e liberdades que comparten, para que poidan ser respectados, e en fomentar ademais a vontade de protexer os dos demais.
2. Comprometémonos a apoiar e executar programas de investigación sobre ciencias sociais e de educación para a tolerancia, os dereitos humanos e a non violencia.
3. Para iso fará falta conceder unha atención especial á mellora da formación do persoal docente, os plans de estudo, o contido dos manuais e dos cursos e doutros materiais pedagóxicos.

■ Para saber máis: goo.gl/M2B1AD



MICHAEL COGHLAN

Excluir a alguien de los juegos de grupo es una de las formas que puede revestir el acoso

Stop al acoso escolar

Claves para enfrentarse a situaciones de maltrato entre iguales

El acoso escolar, también llamado bullying o maltrato entre iguales, no tiene nada que ver con una broma puntual, aunque esta sea de muy mal gusto. Tampoco con un insulto o una pelea en el patio. Ni con un enfado entre amigos. Ni siquiera con una agresión esporádica. Tiene que ver con algo mucho más serio. Hablamos de maltrato entre iguales cuando un menor, o un grupo de menores, intimida a otro, lo acosa, insulta, humilla, excluye, pega, amenaza, chantajea o abusa de él de forma repetida y durante un tiempo prolongado con la clara intención de hacerle daño. Este tipo de comportamientos se caracterizan, por tanto, por ser:

- Acciones deliberadamente hostiles.
- Hay ausencia de provocación por

parte del acosado (aunque su forma de ser, sus rasgos físicos o su supuesta orientación sexual sean el desencadenante indirecto de la agresión).

■ Incidentes que se repiten a lo largo de un período de tiempo.

■ Una situación de indefensión para la víctima, que no sabe cómo salir de ella.

Los casos de maltrato pueden suponer violencia física directa (empujones, patadas, agresiones) o indirecta (esconder o romper objetos, poner una chincheta en el asiento...). Pero las agresiones más frecuentes en los contextos educativos son las verbales directas (poner mote, insultar, burlarse) o indirectas (hablar mal a espaldas del acosado, difundir falsos rumores

sobre él, reírse cuando pasa por delante...). Un tercer tipo de maltrato es el social, que consiste en organizar juegos o actividades sin contar con esa persona, dejarla fuera del grupo de Whatsapp de forma deliberada o impedir su participación en trabajos de grupo, partidos, etcétera. En este sentido, si el medio utilizado para molestar a la víctima es Internet, hablamos de ciberracismo, aunque hoy en día casi todas las situaciones vividas en el contexto real se suelen trasladar al virtual.

Estas situaciones de violencia tienen efectos psicológicos y emocionales muy negativos para todos los implicados:

■ Para la víctima, que puede llegar a sufrir ansiedad, temor, depresión y baja autoestima, y ver afectado su rendimiento escolar, su salud física y

mental y sus relaciones sociales.

■ Para el acosador, porque sus conductas de maltrato pueden permanecer en el tiempo y manifestarse en futuras relaciones (de pareja, con los hijos...) o incluso a llegar a convertirse en antisociales o delictivas. El acosador, aunque muchas veces es aceptado entre sus compañeros por temor, acaba recibiendo el rechazo de los iguales.

■ Para los espectadores, que se acostumbra a vivir en un clima de abuso e injusticia con pasividad, convirtiéndose en cómplices de los agresores. Es probable que sientan remordimientos en un futuro por su forma de actuar cobarde y encubridora.

En todo caso, los padres tienen un papel decisivo en la prevención de estas conductas de abuso, tal y como iremos exponiendo a lo largo de las próximas semanas.

> Ana T. Jack
anatjack@edu.xunta.es

Diez ideas falsas sobre el «bullying»

1 Solo son bromas, es mejor no meterse

No es cierto. A veces es difícil distinguir entre una broma y una situación de abuso, pero cuando la víctima empieza a asustarse ya no es una diversión.

2 La víctima lo busca, lo merece
Nadie merece ser víctima de maltrato, sea cual sea su conducta. Es una mala excusa para justificar la agresión.

3 El maltrato forma parte del crecimiento del niño e imprime carácter

Una cosa es aprender a afrontar las adversidades y otra muy distinta ser

objeto de abusos. Las víctimas se convierten en personas desconfiadas, ansiosas y aisladas.

4 La mejor manera de defenderse es devolviendo las agresiones

No es cierto. La reacción violenta de la víctima empeora la situación, ya que le sirve al agresor como excusa perfecta para realizar nuevos actos violentos.

5 El maltrato es cosa de niños

Una cosa es el juego, en los que surgen los naturales conflictos interpersonales, y otra muy distinta las conductas violentas. Permitirlas en la infancia supone formar adultos incapaces de respetar las normas sociales.

6 Las víctimas siempre provienen de ambientes marginales

No es verdad. Está demostrado que se da en todos los niveles socioeconómicos y en todos los centros educativos, públicos y privados.

7 Los acosados son personas débiles, débiles

No. La víctima puede ser cualquiera, aunque suele ser pacífica y tranquila.

8 Solo la víctima precisa ayuda

No es cierto. Precisan ayuda la víctima y los agresores, aunque de manera diferente. Tanto unos como otros deben encontrar alternativas a su comportamiento.

9 Mi hijo no es víctima ni agresor, no me debo preocupar

Los testigos de las situaciones de acoso están implicados moralmente en la situación de abuso. La ley del silencio contribuye a que esos hechos se sigan produciendo.

10 Si mi hijo lo denuncia, será un chivato

Denunciar una situación de maltrato no es ser un chivato. Hay que enseñar a los hijos a ser solidarios, a ponerse en la piel del maltratado y a cortar la situación contando los hechos al profesorado. De hecho, ayudar a parar una situación de injusticia es un acto de valentía.

> MAESTROS DE LA LITERATURA UNIVERSAL

Ernest Hemingway, de pr

Ímonos seguir ocupando este curso de grandes escritores europeos e americanos que levaron a literatura a niveis de gran calidade. Nin a poesía nin, sobre todo, a novela actuais serían as mesmas sen a achega literaria de cada un deles. Deste xeito, queremos render unha modesta homenaxe escolar á súa memoria e axudar a que sexan un pouco mellor coñecidos

O primeiro que un pensa ao coñecer a biografía de Hemingway é que, ademais de ser un gran xornalista e escritor de novelas e contos, tivo un don especial: o de estar no sitio exacto no momento oportuno. Foi ferido na Primeira Guerra Mundial, cando conducía unha ambulancia na fronte de Italia, e no hospital, onde estivo oito meses, coñeceu e namorou dunha enfermeira, que lle serviría logo como modelo da protagonista da súa novela *Adeus ás armas*. En 1925 apareceu en Pamplona, cun pano vermello disposto a correr os encerros de San Fermín, e este feito servíulle para escribir unha mediocre novela, *Festa*, ademais de deixar asociada a súa figura ás corridas de touros e ás vivencias da España máis castiza.

Uns anos máis tarde, en 1937, apareceu Hemingway en Madrid, durante o asedio que sofre a capital en plena Guerra Civil, o que lle servirá de material literario para a súa novela *Por quen dobran as campás*. Fora enviado como correspondente pola revista *Life*. E, tamén como enviado especial dese medio, reaparecerá en París, coas tropas aliadas que liberarán a capital do dominio nazi. Pódese dicir que Hemingway viviu os principais feitos históricos do século XX en primeira fila.

PRIMEIROS PASOS: PARÍS

Ernest Hemingway naceu en Oak Park, Illinois, en 1899. Despois de terminar os seus estudos secundarios, atopou traballo nun modesto xornal local, no que estivo só seis meses, pero que deixou unha fonda pegada no futuro escritor, xa que sempre recoñeceu que o seu libro de estilo constituía a base da súa escritura: «Útilice frases curtas. Útilice primeiros parágrafos curtos. Use unha linguaxe vigorosa. Sexa positivo, non negativo». Deixou o traballo ao apuntarse ao Exército, e foi destinado á fronte bélica como chofer de ambulancias, ata que caeu ferido. Ao acabar a guerra, trasladouse a París como correspondente do xornal *Toronto Star*.

Alí, sen un franco, casou con Elizabeth Hadley Richardson, que lle leva oito anos. Viviron nunha bufarda misérrima, mentres Hemingway traballaba como *sparring* de boxeadores a cambio de algo de queixo e unhas copas de viño. Neses anos lúgubres empezou nacer o escritor. Esta época foi moi importante na carreira literaria do escritor americano, pois lle servirá para ir adaptando o seu estilo a un molde persoal. Ademais, en París Hemingway coñeceu a escritores como Gertrude Stein, que lle axudou a subir os primeiros banzos da súa carreira. O Hemingway dos primeiros anos de París era un mozo «alto, guapo,

musculoso, de ombros anchos, de ollos marróns, de rosadas fazulas, de mandíbula cadrada, de voz suave». O seu gusto polos deportes conservouno toda a vida. Stein foi quen máis o axudou, pois foi ela quen o puxo en contacto con artistas e escritores expatriados do barrio de Montparnasse a quen a escritora americana bautizou como a Xeración Perdida, termo que Hemingway se encargará de popularizar. Como habitual do salón de Stein, Hemingway coñeceu a pintores influentes como Pablo Picasso, Joan Miró, e Juan Gris. Ou ao poeta estadounidense Ezra Pound, co que mantivo unha longa amizade, e ao escritor James Joyce, co que compartiu moitas conversacións literarias. En París viviu sete anos (desde 1921 ata 1928), tivo un fillo con Hadley, a súa primeira esposa; divorciouse dela e volveu casar, con Pauline Pfeiffer, coa que tivo outro fillo, xa en Key West (Florida). Nestes anos vinte veu varias veces a España, onde descubriu os sanfermines de Pamplona e atopou unha gran afinidade coa súa cultura.

HEMINGWAY EN GALICIA

Foi nesta época cando coñeceu tamén Galicia. O escritor Carlos Casares indagou nesta relación do norteamericano coa nosa terra e chegou á conclusión de que Galicia lle gustou desde a primeira viaxe que realizou ata aquí, en concreto a Santiago de Compostela, no verán de 1927. Hospedábase no hotel Suizo, na rúa que desemboca na praza de Mazarelos, en cuxo portal se conserva unha placa que o recorda. De Santiago chegou a dicir: «É a cidade máis fermosa que vin xamais». Volveu no verán de 1929 e pasou días en Noia, outro pobo que tiña un encanto especial para el. Hemingway era un gran afeccionado á pesca, tanto de río como de mar, e a este deporte dedicou varios dos seus artigos xornalísticos. Sempre falou maravillas da pesca de troitas nos ríos españois, por iso, cando viña a Santiago, non faltaba

UNHA PLACA NA PRAZA DE MAZARELOS LEMBRA O SEU PASO POR SANTIAGO DE COMPOSTELA EN 1927

ás súas citas co Tambre, que desemboca na ría noíesa, cos seus correspondentes descansos bebendo viño da terra nas tabernas ribeiregas. Tamén os salmóns do Ulla eran tentados pola cana de pescar do escritor.

A súa admiración por Santiago quixo deixala certificada ao pórle o nome da



JFK LIBRARY

Hemingway xogando cos seus fillos Patrick e Gregory en Finca Vigía, preto da Habana, en 1942

cidade ao vello pescador da súa mellor novela, *O vello e o mar*. En *Por quen dobran as campás* o narrador establece conversación cun soldado de Negreira (pobo ribeirego do Tambre e próximo a Noia) que resultou ser un personaxe real, tío do meu amigo poeta Pepe Ardeiro.

RETORNO A NORTEAMÉRICA


Durante os anos trinta Hemingway pasou os invernos en Key West (Florida) e os veráns en Wyoming —«O país máis fermoso que atopara no oeste», deixou escrito—, onde practicaba a súa afección cinexética cazando veados e alces. Durante estes anos seguiu viaxando a Europa como correspondente de distintos xornais. E tamén tivo tempo para viaxes de lecer: en 1933 foi coa muller e uns amigos a un safari de dez semanas a África oriental, experiencia que lle servirá para escribir *Os verdes outeiros de África* e o conto *As neves do Kilimanjaro*, que logo sería levado ao cine.

En 1937 veu a España como correspondente de guerra, cunha decidida postura á beira da República. Escribiu unhas crónicas que son exemplo do mellor

xornalismo de acción, mentres se movía entre Madrid e Valencia. Acompañouno unha xornalista e escritora americana, Martha Gellhorn, coa que iniciou unha relación que terminaría en voda, despois de divorciarse de Pauline Pfeiffer. En 1938 estivo presente na batalla do Ebro e consta que foi un dos últimos xornalistas estranxeiros en cruzar o río. Entre Cuba, Estados Unidos, España e outros países de Europa transcorreu a vida itinerante e bohemia do vitalista Hemingway. Escribiu para os xornais con asiduidade, pero tamén novelas que ían cultivando un éxito crecente. Como *Por quen dobran as campás* (1940), que naceu inspirada pola súa nova esposa Marta Gellhorn.

De maio de 1944 a maio de 1945 Hemingway estivo en Londres e en Europa. Cubriu o desembarco de Normandía nunhas crónicas que son xoias literarias. Casou coa súa cuarta esposa, á que coñeceu en Londres, Mary Welles. O 25 de agosto de 1945 estivo presente na liberación de París do dominio nazi. No hotel Ritz bebeuse a champaña francesa que os alemáns tiñan gardada nas neveiras do bar. Hoxe un busto recorda a súa presenza alí nun día tan significativo. En 1947

Profesión escritor



Ernest Hemingway, escribindo nun campamento en Kenya

LOOK MAGAZINE, NATIONAL ARCHIVES AND RECORDS ADMINISTRATION

Hemingway foi galardoado cunha Estrela de Bronce pola súa valentía durante a Segunda Guerra Mundial, e pola completa información que dela deu ao mundo.

RELACIÓN CON CUBA

Despois da guerra, Hemingway entrou nunha etapa depresiva que minando a súa vitalidade. Viu como os seus amigos escritores morrían (Scott Fitzgerald, Joyce, Stein), tiña dificultades de entendemento coa súa esposa, enfermidades e accidentes que tivo anteriormente empezaron a pasarlle. A súa saúde, aumentada polo uso excesivo de alcohol. E nin o premio Pulitzer que recibiu por *O vello e o mar* en 1952 nin o Nobel de Literatura que lle conceden en 1954 serán suficientes para rescatar do mesmo ao home maior e deprimido que se converteu.

Nun dos seus regresos de Europa, en 1928, fixo escala por primeira vez na Habana, á que volvería con certa regularidade nos anos trinta, durante a lei seca. As súas finalidades eran a pesca, o whisky e o ron. Instalábase no hotel Ambos Mundos, preto do porto, e alí falaba con pescadores e aventureiros, que lle ensinaron a técnica de pescar o peixe espada, abundante naquelas augas, antes de darse unha volta polo bar Floridita, onde tomaba uns daiquiris en soidade ou en compañía. Neste bar ten aínda hoxe unha escultura e unha banqueta baleira fronte a ela, tanto é o culto que se lle rende aínda hoxe na Habana.

En 1940 comprou a Finca Vigía, no poboado de San Francisco de Paula, preto da capital, onde residiu por tempadas. Aquí estaba en 1959 cando triunfou a revolución castrista, e ao ano seguinte

fotografouse con Fidel Castro, por quen nos primeiros momentos mostrou unha gran simpatía. Outra vez Hemingway no sitio adecuado da historia e no momento oportuno. Pero a mediados dese mesmo ano, Hemingway e a súa cuarta esposa, Mary, abandonaron Cuba para instalarse en Idaho (EE.UU.), nunha casa recentemente comprada. E aquí foi onde, ao ano seguinte, o 2 de xullo de 1961, se suicidou coa súa escopeta de caza. Ao principio a viúva fixo crer que fora un accidente fortuito, pero a autopsia e outros informes médicos confirmaron o suicidio.

A Finca Vigía, cunha biblioteca de máis de seis mil libros, foi expropiada polo Goberno cubano despois do desembarco en praia Giron, en 1961.

> José A. Ponte Far

Obra literaria

Hemingway escribiu moito e de todo, nunha dedicación absolutamente profesional á escritura. Foi, ademais de xornalista, autor de numerosos e excelentes contos literarios, de varias novelas e de centenaes de artigos xornalísticos de grande plasticidade e beleza. Entre as súas dez novelas publicadas (tres delas póstumas), destacaremos as máis coñecidas:

■ **«Festa» (1926).** É a súa primeira novela importante. Tivo moi boa acollida entre o público e dá a coñecer ao seu autor pola porta grande da literatura. A obra narra as peripecias dun grupo de novos escritores pertencentes á xeración de entreguerras, a coñecida como Xeración Perdida, que viaxan por Francia e España, se divirten nos sanfermines e teñen problemas persoais e amorosos entre eles. A historia termina en Madrid.

■ **«Adeus ás armas» (1929)** narra a historia de amor entre un novo soldado e a enfermeira que o coida no hospital, mentres se recupera dunha ferida nun xeonllo recibida nun bombardeo durante a Primeira Guerra Mundial, en Italia. Na súa maior parte a novela é autobiográfica.

■ **«Por quen dobran as campás» (1940).** Esta novela desenvólvese en España durante a Guerra Civil. Conta como un profesor americano de Montana loita no bando republicano e como se lle encarga, por ser un experto en explosivos, a delicada misión de voar unha ponte en Segovia para impedir o avance do exército franquista. Nesta misión coñece a María, unha rapariga nova da que se namora. El sabe que nunca poderá vivir con ela en Madrid, como sería o seu desexo, porque non sairá vivo desta perigosa acción que lle encomendaron. A morte mestúrase coa vida para torcer vontades e impedir que se cumpran os soños particulares. As campás, cando dobran, tocan por calquera de nós.

■ **«O vello e o mar» (1952)** é, a xuízo da crítica, a súa mellor novela e, desde logo, a máis famosa. Foi o seu último traballo de ficción importante publicado en vida. Para gran parte da crítica é unha das mellores novelas do século XX. Foi levada ao cine en varias ocasións, e unha das versións máis populares é a protagonizada por Spencer Tracy, en 1958. A obra conta como un vello pescador cubano, Santiago, que levaba un mal período sen pescar nada e sae ao mar sen esperanza, nota que un enorme peixe espada morde o anzol do seu aparello e, a pesar de que desata unha peleza titánica, non logra librarse do anzol. A loita co peixe dura tres días, durante os cales Santiago dá un repaso á súa vida pasada. Por fin, logra capturar ao peixe, xa canso: mátao co seu arpón, átao á súa barca e pon rumbo a terra. Pero ao cheiro do sangue acoden quenllas que se disputan a comida que ofrece o gran peixe espada. Santiago loita contra elas, pero non logra impedir que coman o peixe capturado. Logra chegar a porto, pero só coa cabeza e o esqueleto da enorme peza cobrada. A novela é un canto á constancia e á valentía do home na súa loita contra a adversidade. A anécdota narrada é inventada, pero na novela atopamos alusións a personaxes reais, protagonistas da guerra, e moitas anécdotas históricas.



Un burato no corazón da tumba de Keops


O gran baleiro contén tan só aire, e puido ser pensado para que o peso non esmagase a galería principal

■ E a gran pirámide de Exipto, erguida para que o faraón Keops puidese descansar eternamente mentres a súa alma marchaba cos deuses, agochaba un segredo: no seu interior, ademais das cámaras e corredores coñecidos, hai un enorme burato do tamaño dun avión para dous centenares de pasaxeiros. Así o acaba de afirmar un grupo de científicos que publicaron o seu descubrimento na revista máis reputada do mundo, *Nature*.

Trinta e catro investigadores de primeira liña de Francia, Xapón e o propio Exipto uníronse nun proxecto denominado ScanPyramids. Tratábase de poñer os pés na terra e comprobar a veracidade das ducias ou centos de lendas que apuntan a que existen tesouros, corredores e cámaras secretas en todas as pirámides, pero moito máis nas tres principais de Giza, preto do Cairo, a maior das cales é a de Keops.

Comentábo en ton xocoso ante un xornalista da axencia France Press o codirector do proxecto, Mehdi Tayubi: «Hai numerosas teorías sobre a existencia de posibles cámaras secretas na pirámide. Se as xuntáramos todas, obteríamos un queixo de gruyère!». Pero logo máis en serio recoñecía que ningunha desas lendas prediciu «a existencia de algo tan grande».

O caso é que, segundo o artigo publicado en *Nature*, ese burato —que os científicos chaman *big void*, o que se traduce por 'gran baleiro'— mide polo menos 30 metros de longo e semella a chamada gran galería, que é a maior sala coñecida da pirámide. Distá uns 40 ou 50 metros da cámara da raíña, no mesmo centro do monumento. O que si se sabe con certeza é que está tal e como se construíu: ninguén o toucou dende entón. Todos os datos foron enviados a Xapón, país onde se con-



EFE

O equipo de ScanPyramids analiza con realidade aumentada e imaxes virtuais o oco achado na pirámide de Keops

firmou o descubrimento. Francia fixo unha segunda comprobación cunha tecnoloxía totalmente distinta, e todo coincidiu.

Un pouco máis escéptico mostrouse o arqueólogo estadounidense Mark

Lehner, tamén de ScanPyramids. Por suposto, confirma o achado, pero rebaixa as conxecturas de que pode ser outra cámara do tesouro: «Podería ser sinxelamente un espazo que os construtores deixaron para protexer o

teito [moi angosto] da gran galería do peso da pirámide». Ou sexa, para non aumentar o número de toneladas que hai enriba dos compartimentos.

Del discrepa un dos líderes do equipo, Hany Helal, da Universidade do Cairo, quen manifestou que o burato «é demasiado grande para cumprir a función de aliviar a presión».

Pero a investigación non remata aí. Quedan por diante dous desafíos, un pequeno e outro enorme. O pequeno é saber para que servía de verdade ese *big void*. E o grande é desentrañar o gran misterio da pirámide: como foi erguida.

> Cristóbal Ramírez

RAIOS CÓSMICOS PARA FURAR A PIRÁMIDE

O «*big void*» foi descuberto grazas a uns raios cósmicos, afirmación tan certa como sorprendente. A causa é que existen unhas partículas chamadas muóns. Eses muóns, cando cruzan unha estrutura e son seguidos por ordenadores, van xerando un debuxo con tonalidades diferentes segundo haxa materiais ou nada:

desvíanse se cruzan algo e teñen unha traxectoria distinta cando pasan polo aire. É dicir, un pouco como, noutra dimensión, os raios X cando fan unha radiografía. Os muóns actívanse cando partículas subatómicas procedentes do espazo exterior entran en contacto coa atmosfera da Terra.

Dinamita onte, minirrobot hoxe

■ Keops foi un faraón que reinou entre os anos 2509 e 2483 antes de Cristo. Para el foi construída a gran pirámide, que ten unha altura de 140 metros. As investigacións nela son varias veces centenarias, e xa a principios do século XIX un exipólogo británico, Howard Vyse, intentou perforar a súa estrutura (e as doutras) polo radical método de meterlle dinamita. Funcionou, pero non é aceptable nestes tempos. Agora estase pensando en perforar a de Keops cun burato de tres centímetros e introducir por aí un minirrobot voador con cámara manexado, claro está, a distancia. Para iso estase á espera da autorización das autoridades exipcias. Que tanto pode chegar axiña como (o máis probable) tardar meses ou anos.

O país con máis pirámides

■ Entre os séculos 30 e 8 antes de Cristo sementáronse pirámides por todo Exipto: están inventariadas 118. Son, sen dúbida, as máis coñecidas e exploradas, pero hai outros enclaves que tamén poden presumir delas. Para empezar, México e Guatemala.

Non obstante, o país que máis pirámides acolle é un que non ten turismo, mísero, perigoso, fundamentalista islámico e en guerra. É Sudán, onde nin sequera se sabe cantas estruturas piramidais se ergueron. Pénsase que suman 255, por suposto de tamaños moi diversos e levantadas ao longo do río Nilo entre os anos 1070 e 350 antes de Cristo. É dicir, en xeral moi posteriores ás exipcias. As sudanesas son máis delgadas e pequenas (entre 6 e 30 metros de altura) e o seu tamaño depende dos anos de reinado do seu titular ou a súa muller principal.

Son obras do pobo nubio, a maioría daquelas preto do que foi Meroe, unha cidade rica cunha desenvolvida industria do ferro



HANS BIRGER NILSEN

Pirámides de Gebel Barkal, en Karima (Sudán)

que se dedicaba ao comercio internacional: recibía, e mandaba, mercadores a India e China. Hoxe en día toda esa parte é arida, pero non sempre debeu de selo tanto, segundo sinala o arqueólogo Derek Weisby, un experto do Museo Británico de Londres: «Naqueles tempos había numerosos animais de gran tamaño, e moita xente dedicábase á caza e tamén á pesca», o cal quere dicir que había vexetación e abundante auga.

Pola súa banda, Bruce Williams, do Instituto Oriental da Universidade de Chicago, incide en que a comarca era moi coñecida polos depósitos de ouro, «e mesmo hoxe segue buscándose á maneira tradicional, cribando as augas». Williams é o autor do descubrimento dun enorme centro de procesamento do ouro e un cemiterio con 90 tumbas ao norte do Sudán e, por suposto, preto do Nilo.

actividades

- Localizar nun mapa os países e cidades citados. Ou, por suposto, en Google Earth.
- En Google vese moi claramente a gran diferenza entre as pirámides de Exipto, de México, de Guatemala e de Sudán.
- ¿E como se construían? Mira esta ligazón: curiosidades.com/construccion-piramides-egipto
- Escribe en Google «pirámides interior» e verás que hai dentro delas.
- Howard Vyse foi un tipo moi peculiar que se fixo moi popular por levar dinamita por Exipto adiante. Ten entrada na Wikipédia, pero en inglés.



ROI FERNÁNDEZ

En Eirós se han encontrado restos que dejaron neandertales y «Sapiens» cuando habitaban la zona, hace más de 30.000 años

ENTREVISTA | **ARTURO DE LOMBERA HERMIDA** CODIRECTOR DE LA EXCAVACIÓN DE COVA EIRÓS

«Esta cueva puede enseñarnos a afrontar problemas actuales»

La excavación arqueológica de Cova Eirós, en Triacastela, cumplió diez años este verano desenterrando el pasado gallego para descubrir cómo vivían otros homínidos

Cova Eirós es una gruta de entrada al pasado de algo más de 100 metros de largo situada muy cerca de Triacastela (Lugo), en la cuenca del río Oribio, un afluente del Miño. Hasta la entrada de la cueva acude a excavar cada agosto, desde hace 10 años, Arturo de Lombera Hermida, arqueólogo coruñés y codirector de estas excavaciones, acompañado de alrededor de quince personas. Juntos rescatan los restos que dejaron neandertales y *Sapiens* cuando habitaban la zona, hace entre 50.000 y 30.000 años. Con Arturo viajamos a nuestro pasado.

—**Si tuviese que destacar tres hitos en estos diez años, ¿cuáles serían?**

—El número uno es el descubrimiento de arte paleolítico: es el primero en Galicia y además un período poco representado en general en cuevas de la península ibérica. El número dos es que sea una cueva que contenga niveles de Paleolítico medio y superior, que nos permite estudiar el cambio entre los últimos neandertales y los primeros *Homo sapiens* que llegaron al noroeste hace 30.000 años. Podemos comparar directamente los modos de vida de dos especies de homínidos diferentes, pues las variaciones que encontramos dependen del comportamiento de cada especie, ya que las condiciones ambientales son casi las mismas. El tercero es que tiene una secuencia de ocupación muy larga, que nos posibilita registrar la evolución de la fauna, flora y comunidades humanas desde hace más de 50.000 años hasta prácticamente la actualidad. Este tipo de yacimientos permiten reconstruir la historia en un mismo punto, no hace falta acudir a diferentes

yacimientos para recomponerla.

—**¿Qué novedades ha traído la campaña de este verano?**

—Dos cosas: por un lado, hemos organizado unas jornadas internacionales que nos han servido para dar a conocer lo que aporta este yacimiento a la prehistoria gallega en particular y a la peninsular y la europea en general. Acudió un variado público, tanto profesores como gente interesada de la zona, especialistas y arqueólogos. Vinieron especialistas de Inglaterra y de Estados Unidos que trabajan sobre el tema fundamental de Cova Eirós, que es la transición del Paleolítico medio al superior, la transición entre los neandertales y los *Sapiens*.

—**¿Y la segunda cosa?**

—La excavación continúa profundizando hacia las últimas ocupaciones neandertales que tenemos registradas en Cova Eirós, que se encuentran en el nivel 3 y que por lo que sabemos podría ser de las últimas poblaciones neandertales que poblaron la zona del noroeste, hace 40.000 años. Entre los restos recuperados podemos destacar la presencia de un molar de rinoceronte. En general, restos de fauna extinta, fauna de climas fríos. Y también megafauna, que para cazar implica una mayor complejidad.

—**Habla mucho de la transición del neandertal al «Sapiens»: ¿pudieron convivir estas dos especies en Cova Eirós?**

—No, porque lo que vemos aquí, pero también en toda Europa, es que hay niveles más antiguos de neandertales y después de *Sapiens*, pero nunca se mezclan. Coincidieron en el mismo espacio, pero hasta

ahora no podemos decir que hayan coincidido al mismo tiempo. Parece que con la llegada del *Sapiens*, los neandertales ya han desaparecido.

—**¿Cuántos individuos podía haber a la vez ocupando la cueva?**

—Es difícil calcularlo. En general, se estima que Europa podía tener una población de entre unos 10.000 y 40.000 neandertales, es decir, una densidad muy baja. En cuanto a grupos en Cova Eirós, por lo que sabemos serían grupos pequeños, que están pocos días o semanas y después se van. Con el espacio que hay, como máximo podían estar entre diez y quince personas.

—**En estos diez años, ¿cuánto se ha excavado?**

—La cueva tiene un relleno sedimentario hasta llegar a la roca madre de 3,5 metros, y hemos excavado alrededor de 1,5 metros. En los 2 metros que quedan existe la posibilidad de encontrar ocupaciones más antiguas, quizá de *Homo heidelbergensis*.

—**¿Por qué diría que es importante conocer nuestro pasado?**

—Saber de historia en general es como la experiencia en la vida: si tienes experiencia puedes sacar lecciones de situaciones que ocurrieron en el pasado y a las que puedes tener que enfrentarte hoy en día. En el caso de Cova Eirós, por ejemplo, podemos conocer cómo se enfrentaron especies de homínidos al cambio climático, algo que puede que tengamos que hacer nosotros dentro de poco. Nuestro trabajo es generar conocimiento y transmitirlo a la sociedad.

> Bibiana García Visos

El primer y único arte paleolítico de Galicia

Cova Eirós conserva el primer y único arte paleolítico en el noroeste peninsular. La mayor parte de las manifestaciones artísticas encontradas son grabados y pinturas en negro, para las que se emplearon carbón vegetal como pigmento. Representan siluetas de animales, signos, líneas de puntos o marcas que nos acercan al mundo simbólico y ritual de los «Homo sapiens». También aparece arte en objetos cotidianos, como es el caso de una azagaya decorada y un colgante recuperados en la entrada de la cueva.



Representación de bóvido y cérvido encontrada en Cova Eirós

En la imagen que acompaña al texto, tratada para resaltar los trazos, es posible ver la representación de un bóvido en la parte superior y un cérvido en la inferior de más de 9.000 años de antigüedad. También se encontraron siluetas de otros animales como caballos y cabras.

actividades



Artistas de la prehistoria

Trata de dibujar sobre un trozo de pizarra fauna extinta que vivió en Cova Eirós, como mamuts, rinocerontes lanudos, osos de las cavernas o hienas. ¿Puedes aprovechar algunos salientes de la tabla? ¿Con qué se dibuja mejor?



Para curiosos

Otras excavaciones arqueológicas gallegas. En la zona de Lugo hay otras cuevas con ocupaciones de homínidos. Son las de Valdabara (Becerreá), Chan do Lindeiro (Pedrafita do Cebreiro) y Valiña (Castroverde). ¿Puedes situarlas con Google Maps?

ADJETIVOS CALIFICATIVOS: MAGNO

En la festividad de Alberto Magno

El 15 de noviembre se recuerda al dominico Alberto Magno porque fue en este día de 1280 cuando falleció. El patrono de los científicos es conocido con ese calificativo (en inglés también como Albert the Great) no solamente por su buena talla, como relataron quienes le conocieron, sino también por la amplitud y grandeza de su legado. Su magna obra, considerada como la mejor síntesis de la cultura medieval, fue publicada en 21 volúmenes a comienzos del siglo XVII, y resulta un trabajo enciclopédico que recoge numerosas traducciones, comentarios y revisiones del saber antiguo, fundamentalmente de Aristóteles. Son especialmente interesantes sus aportaciones a la lógica, mineralogía, meteorología, geología, botánica, zoología, metafísica, psicología y antropología. Su influencia en el desarrollo de la escolástica, directa y a través de su discípulo Tomás de Aquino, fue enorme. Otro doctor de la Iglesia así calificado es Gregorio Magno, que fue elegido papa a finales del siglo VI, a quien se ha atribuido (con dudoso motivo) la recopilación del canto llano utilizado en la liturgia de la Iglesia católica, que por ello de hecho se denomina canto gregoriano.

Unos siglos antes de que existiera la Iglesia vivió Alejandro Magno (356-323 antes de Cristo), que fue rey a los 20 años, tras el asesinato de su padre Filipo II, quien ya había convertido Macedonia en toda una referencia del mundo heleno. El rey Filipo encomendó la formación de su hijo adolescente al mismísimo Aristóteles de Estagira, del cual recibió enseñanzas durante cinco años. Alejandro sería magno por potenciar el intercambio cultural tras sus hazañas y conquistas, que alcanzaron el Imperio persa y llegaría hasta el río Indo por el este y por el sur a Egipto, donde fundó la más famosa de las Alejandrías, la ciudad que tenía en su faro una de las maravillas de la Antigüedad y albergaba la biblioteca más grande del mundo, que llegó a poseer más de un millón de volúmenes.

La Magna Grecia a la que se refiere Borges en su cita es anterior también a Alejandro Magno. En concreto, los historiadores romanos dieron este nombre al sur de la península itálica junto con la isla de Sicilia, en cuyas costas los colonos helenos fundaron, entre los siglos VIII y VII antes de Cristo, algunas de las polis con las que estaban sembrando de riqueza y cultura el Mediterráneo. Allí llevaron



«San Alberto Magno» (1352), por Tommaso da Modena, pintura al fresco en la casa capitular del convento de San Nicolás, en Treviso (Italia)

su idea de ciudad, su arte y sus dioses, el cultivo de la vid y del olivo. La llamaron así (Magna Graecia) por su grandeza económica y cultural en comparación con la Grecia misma. Además de Siracusa, patria de Arquímedes y de quien Cicerón dijo que era «la mayor ciudad griega y la más hermosa de todas», es famosa la ciudad de Síbaris, símbolo del lujo y la abundancia, por la magna exquisitez de sus habitantes.


He dejado para el final a Carlomagno (Carolus Magnus), el rey de los francos, que a caballo entre los siglos VIII y IX poblaron los territorios de todo el centro de Europa, donde llegó a constituir un imperio que incluía hacia el sur los territorios fronterizos con Al Ándalus, en lo que se llamó Marca Hispánica. Si-

guiendo la senda de su padre Pipino el Breve, Carlomagno fue un rey católico con muy buena relación con el papado, y llegó a ser coronado emperador por León III, en un episodio emblemático de si es más importante el que corona que el coronado. Se convirtió en líder de la cristiandad en Occidente y dio un fuerte apoyo a los monasterios como centros de enseñanza, idea por cierto encomiable en un hombre analfabeto, como la inmensa mayoría de los de su tiempo, pero que admiraba el aprendizaje que llevaba al conocimiento, el arte, la literatura y la arquitectura. Carlomagno fue el primer rey, tras la desaparición del Imperio romano, en gobernar un territorio tan extenso. Algunos lo llaman el padre de Europa.

> Moncho Núñez Centella

P. S. Hoy las citas de la relación también son magnas. Su longitud —no era fácil reducirlas sin perder contundencia— hace que solo pueda haber espacio para dos. Pero tienen enjundia y actualidad, ¿no es cierto?

Los colonos helenos llevaron a la Magna Grecia su idea de ciudad, su arte y sus dioses, la vid y el olivo



actividades

1. Allá por los años cincuenta del pasado siglo comienza a darse importancia en España al tema de la imagen. Es entonces cuando la empresa La Toja, que entonces era gallega, lanza al mercado el jabón Magno, de color negro, forma ovalada y tamaño grande. Son tres características para afirmar una identidad. Indica tres propiedades que crees dan identidad de marca a:

- una mochila
- una pasta de dientes
- unos caramelos

2. Los oficios litúrgicos cantados en gregoriano son expresión de solemnidad, como la que acompaña a los actos que las universidades celebran en las aulas magnas. En estas ocasiones se suele entonar el himno en latín «Gaudeamus igitur», una canción estudiantil del siglo XVIII sobre la brevedad de la vida. Pon ejemplos de actos que se celebren en las aulas magnas.

3. De las 70 ciudades que fundó Alejandro Magno, 50 llevaban su nombre. ¿Qué otros motivos sirven para dar nombre a las ciudades? Busca ejemplos en Galicia.



Miniatura del rey Alfonso III el Magno, rey de Asturias, en el tumbó A, conservada en la biblioteca de la Catedral de Santiago

4. Ordena cronológicamente todos los personajes Magnos citados en el texto y coloca entre ellos a Alfonso III el Magno, rey de Asturias y último rey de la Galicia altomedieval.

5. Haz un mapa de la península ibérica en tiempos del reinado de Alfonso III el Magno.

Palabras con historia

Unos quinientos años antes de la era cristiana se dio en la Magna Grecia la mejor cosa que registra la historia universal: el descubrimiento del diálogo. [...] Algunos griegos contrajeron, nunca sabremos cómo, la singular costumbre de conversar. Dudaron,

persuadieron, disintieron, cambiaron de opinión, aplazaron.

Jorge Luis Borges (1899-1986)

Los españoles teníamos aún una conquista que lograr: que ya no cumplía a España ir surcando mares en busca de tierras desconocidas, al encuentro de razas

a las que sojuzgar, que no teníamos que poner el ímpetu desbordante del genio español al servicio de las armas en la conquista de países extranjeros; pero que teníamos otra magna conquista que realizar. ¿Cuál? Conquistar a España.

Indalecio Prieto (1883-1962)